



Resolución reitoral de 12 de decembro pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a avaliación do compoñente por méritos docentes (quinquenios)

1º. En virtude do establecido no Real decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, o profesorado universitario poderá someter a actividade docente realizada cada cinco anos en réxime de dedicación a tempo completo ou un período equivalente se prestou servizo en réxime de dedicación a tempo parcial, a unha avaliación ante a universidade en que preste os seus servizos.

2º. Poderá solicitar a avaliación da súa actividade docente o profesorado universitario funcionario en situación de servizo activo na Universidade da Coruña e con dedicación a tempo completo o 31 de decembro de 2025.

Tamén poderá solicitar esta avaliación o Persoal docente e investigador laboral que conte cun contrato (indefinido ou temporal) ou nomeamento en vigor e con dedicación a tempo completo a 31 de decembro de 2025 nas seguintes categorías:

- Profesorado contratado doutor
- Profesorado permanente laboral
- Profesorado axudante doutor
- Profesorado colaborador
- Profesorado contratado interino de substitución
- Profesorado interino dos corpos docentes universitarios

3º. A solicitude presentarase a través do rexistro electrónico (https://sede.udc.gal/services/telematic_register) segundo o modelo de *Solicitud de méritos docentes (quinquenios)* que poderá atopar en <https://www.udc.es/gl/pdi/impresos/>. A persoa interesada deberá achegar exclusivamente a documentación acreditativa das situacións administrativas e contratos que non figuren no seu expediente.

4º. O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ao día seguinte da publicación desta resolución do Taboleiro Electrónico Oficial e finalizará o 20 de xaneiro de 2026.

5º. A solicitude de avaliación presentada por primeira vez incluírá toda a actividade docente desenvolvida ata o 31 de decembro de 2025.

6º. A avaliación das solicitudes realizarase conforme ao disposto na Normativa sobre a avaliación de méritos docentes do profesorado universitario (aprobada no Consello de Goberno do 2 de decembro de 2024) e xerará efectos económicos e administrativos dende o 1 de xaneiro de 2026.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Taboleiro Electrónico Oficial.

O reitor

P.D. (RR 10/07/2024)

A Vicerreitora de Profesorado